

ACTA DE REUNIÓN DA COMISIÓN DE POLÍTICA DE EMPREGO

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente (escusa a non asistencia)

Emilio M. Martínez Rivas, Vicexerente de Recursos Humanos (substitúeo como Presidente)
José Manuel Fernández Viña, Xefe do Servizo de PAS

Margarita González Hernández, Xefa da Sección de Emprego e Programas (Secretaria)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG)

COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA

Manuel Marcos García (CCOO, non asiste)
Ángel Torreiro Varela (UXT)

XUNTA DE PAS FUNCIONARIO

María Fariza Novoa (CCOO)
José Santiago Santos García (UXT)
Xoan Cebro Rodríguez (CIG, non asiste)

Acta da reunión celebrada ás 13:00 horas do 3 de abril de 2014, na sala de xuntas nº 1 da Xerencia coa asistencia das persoas que se citan á marxe e de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación da acta do 7 de novembro de 2013.
2. Informe das contratacións realizadas dende a última reunión.
3. Rogos e preguntas.

1. APROBACIÓN DA ACTA DO 7 DE NOVIEMBRE DE 2013.

Se aceptan as modificacións propostas por Luis Pérez Gómez e José Manuel Fernández Viña e se aproba a acta.

2. INFORME DAS CONTRATACIÓNS REALIZADAS DENDE A ÚLTIMA REUNIÓN ATA A ACTUALIDADE.

O Vicexerente de recursos humanos comenta que convocou esta reunión, unha vez celebradas o pasado 1 de abril as eleccións a Reitor da Universidade de Vigo pero antes do nomeamento do candidato elixido, para pechar un ciclo e que non queden flecos pendentes de cara ao inicio do próximo equipo de goberno.

Luis Pérez pregunta polos motivos das seguintes contratacións: un Técnico Superior en Microscopía Electrónica (obra), un Técnico Especialista de Actividades do Medio Mariño (eventual) e un TETIC (obra) para o ámbito Xurídico-Social e Humanidades. O Vicexerente explica que todas as contratacións se fixeron mediando pedimento dos responsables do CACTI, da ECIMAT e da área TIC, e que se acudiu á correspondentes lista de espera.

Luis Pérez Gómez considera que a actuación da Xerencia no caso dos tecnólogos é aleatoria en función do campus, xa que no CACTI de Ourense cando rematou o contrato en vigor da persoa con cargo a unha subvención do Ministerio non se lle fixo outro contrato, mentres que no CACTI si, polo que solicita que se explique este proceder.

O Vicexerente recoñece que debido a que se instou a contratación de xeito inmediato do TE de Actividades do Medio Mariño, non deu tempo a convocar a esta comisión; no caso do TETIC, neste momento se considera unha dotación case estrutural, posto que pretende que permita atender necesidades en diversos ámbitos.

Ángel Torreiro pregunta por qué para a substitución do Técnico Superior de Cultivos Mariños durante o seu permiso de paternidade non se contratou ao primeiro candidato da lista de espera que figura “dispoñible”. Margarita González indícalle que figura dispoñible porque é o que lle corresponde, aínda que no momento da oferta estaba traballando nun proxecto de investigación, no que optou por continuar.

Ángel Torreiro pregunta tamén se está previsto substituír á baixa do TE de Calidade Ambiental e Histoloxía, xa que como non hai ninguén en lista de espera habería que convocar un proceso de ampliación. O Vicexerente comenta non recibiu ningunha solicitude nese sentido.

María Fariza se interesa pola contratación dun posto base de apoio ao Reitor e o Vicexerente informa que a principal finalidade é a de apoiar no eido de captación de financiamento mediante proxectos externos.

3. ROGOS E PREGUNTAS.

Ángel Torreiro pregunta se xa se coñece a data de remate do animalario e informa que a Xunta segue sen desatascar o asunto dos cursos de capacitación. O Vicexerente informa que se descoñece a data de apertura e con respecto á formación do persoal técnico conta con ter algunha novidade neste mes por parte do responsable da organización do mesmo.

María Fariza comenta que bastantes grupos de investigación do seu ámbito se están trasladando ao CITEXVI e quere saber se alí a Universidade conta con persoal de conserxería para o reparto da paquetería. O Vicexerente de recursos humanos explica que esa xestión corresponde a unha empresa privada, porque tamén son privados moitos dos seus usuarios e que, aínda que tamén se localizan alí grupos de investigación da Universidade, non se vai dotar o edificio con persoal de servizos xerais.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 14:10 horas, da que como Secretaria redacto esta acta.